



OUTEIRO DE REI

Número 11

Revista de información municipal

Primavera 2021

Reunión en Santiago do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, co alcalde, José Pardo Lombao



A Xunta e o Concello colaboran para facer fronte á pandemia e na mellora dos servizos públicos

Melloras no CEIP Laverde Ruiz



O CEIP Laverde Ruiz incrementou nun 50% o número de alumnos nos últimos oito anos. Para adaptalo á nova situación, a Xunta de Galicia leva investidos máis de 1 millón de euros na mellora das instalacións.



Ampliación do abastecemento

A Xunta de Galicia investiu uns 600.000 euros na mellora da rede de abastecemento de auga potable. As obras permitiron reforzar a rede de distribución ata o parque empresarial e garantir un mellor servizo nos próximos anos.

Centro de Día



A antiga rectoral de Outeiro de Rei convértese en Centro de Día para maiores. A Xunta de Galicia e o Concello aportan 200.000 euros para a execución da primeira fase do proxecto.



Os servizos básicos e as infraestruturas que nos importan, unha aspiración cidadá

Nos dous últimos anos tivemos unha quintuple cita electoral, coas eleccións xerais, do 29 de abril e 10 de novembro de 2019; nos comicios municipais e para o Parlamento Europeo, e o pasado 12 de xullo, coas eleccións autonómicas. En tódolos casos, o Partido Popular foi o gañador en Outeiro de Rei, seguindo coa mesma tendencia dos últimos anos. Ese apoio maioritario levou a José Pardo Lombao a revalidar a Alcaldía, que ostenta desde 1998, coa maioría absoluta que reflicte un amplo apoio veciñal. Nas municipais do 26M, o PP acadou en Outeiro de Rei 9 concelleiros; o BNG, 3; e o PSdeG-PSOE, 1 (nos comicios autonómicos de 2020, o PP volveu ser a forza máis votada no noso concello).

Dende ese momento abríuse un período de catro anos para seguir mellorando a dotación de servizos e infraestruturas públicas, a atención aos nosos maiores e ás familias máis necesitadas, o fomento do emprego, a promoción dos recursos agropecuarios e outras iniciativas que axuden a asentar poboación nesta zona, que é outra das grandes preocupacións da Corporación local. Para conseguir eses obxectivos é necesario o diálogo e a colaboración entre todos, goberno e oposición, e o apoio das outras Administracións públicas, sobre todo a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e o Goberno central. ■

Do total, o Concello aportou máis de 210 mil euros o pasado ano Os programas de Servizos Sociais supuxeron o investimento de 606.000 euros

O Concello de Outeiro de Rei investiu o pasado ano 606.004,01 euros nos distintos programas coordinados desde o departamento municipal de Servizos Sociais: Axuda no Fogar (nas tres modalidades: de prestación básica, dependencia e extraordinaria); Educación Familiar; Conciliación e apoio á educación; Emerxencia Social; Respiro familiar a domicilio; Dinamización de maiores e o Servizo da Escola Infantil Municipal. Desta cantidade, o Concello aportou 210.268,95 euros, correspondendo o resto ás Consellerías de Política Social e de Emprego e Igualdade da Xunta (271.688,13 euros), ao recadado



polo copagamento das persoas usuarias (102.046,93 euros), e a unha subvención da Deputación de Lugo, por importe de 22.000 euros.

As actividades de dinamización de maiores foron suspendidas no mes de marzo tras o decreto do estado de alarma motivado pola Covid-19, reto-

mando unha destas actividades, a de "Coida os teus pes", en xuño, levando a cabo 352 actuacións nese programa.

É importante sinalar a alta demanda de prazas na escola infantil municipal nos últimos anos, atendendo unha media neste exercicio 2020 de 62 menores por mes.

O Concello tamén colabora coa Cruz Vermella e outras organizacións benéficas no reparto de alimentos entre as familias con menos recursos, e atende as necesidades básicas que xurden ocasionalmente dos cidadáns do noso municipio. ■

Medidas para evitar os contaxios entre os cidadáns

A Xunta de Galicia, a Deputación e o Concello colaboraron no reparto domiciliario de máscaras, luvas e materiais de hixiene

Desde o inicio da pandemia, o Concello de Outeiro de Rei puxo en marcha unha serie de medidas para axudar a tódolos cidadáns a previr posibles contaxios do coronavirus. Distribuíu bandos informativos en tódolos pobos coas recomendacións da Subdelegación do Goberno e da Xunta de Galicia e, posteriormente, diferente material, como máscaras, luvas e desinfectantes. En total, repartíronse máis de 15.000 unidades, sobre todo máscaras. Tamén activou accións de axuda a persoas maiores, escolares ou cidadáns con dificultades para sobrelevar esta situación, a través de personal do propio Concello.



José Pardo Lombao:

“Destacaría o comportamento exemplar dos veciños e veciñas durante o confinamento”

Ademais da colaboración institucional e das medidas implantadas desde o Concello, o éxito dependeu en gran medida do acatamento das recomendacións por parte da maioría dos veciños e veciñas, como destacou o noso alcalde: "Non resultou fácil, porque foron moitos días de confinamento, había familias separadas e tiñamos a obriga de permanecer nas vivendas. Pero despois de todo, hai que felicitar ás persoas polo seu comportamento exemplar, na súa maioría, xa que foron conscientes de que ese sacrificio era necesario para conseguir o menor impacto posible da pandemia no noso concello".



A Xunta de Galicia puxo a disposición do Concello de Outeiro de Rei importante material para facer fronte á pandemia. Na imaxe superior e da esquerda, elementos de protección individual e preparación de lotes nun dos centros de distribución de desinfectantes.

O Concello de Outeiro de Rei realizou durante a primeira onda da covid-19 unha desinfección periódica das rúas do centro urbano e das urbanizacións, así como dos accesos máis importantes ás diferentes parroquias. Puntualmente, en colaboración coa Consellería de Medio Rural e a Subdelegación do Goberno, realizouse a desinfección de edificios sensibles (centro de saúde e xeriátrico). Igualmente reforzáronse os sistemas de limpeza e desinfección nos edificios públicos municipais. O Concello tamén levou a cabo unha campaña informativa para previr contaxios entre a poboación.



O Concello instalou puntos de desinfección no acceso aos edificios públicos, con dispensadores de hidroxel e recolletores de luvas e máscaras.



O momento de recuperar a normalidade

Os servizos administrativos, educativos e sanitarios funcionan a pleno rendemento

Despois da hibernación económica, laboral e institucional que provocou a pandemia do coronavirus, chegou o momento de retomar a actividade cotián, recuperando no posible os costumes habituais e pregando para que esta situación non volva repetirse.

Por parte do Concello de Outeiro de Rei, desde o primeiro momento seguíronse ao pé da letra as medidas decretadas polo Goberno Central e a Xunta de Galicia, no referido ao confinamento e ás medidas sanitarias e de carácter social.

Unha das prioridades foi que todos os cidadáns respetasen as recomendacións de non saír á rúa salvo en caso de necesidade ou por motivos laborais naqueles sectores onde estivo permitida a actividade. A nivel sanitario, realizáronse desinfeccións dos lugares de risco e tamén, como acción de carácter social, adiantouse o reparto de alimentos entre as familias máis necesitadas. Foron medidas extraordinarias e de urxencia que contribuíron a que a incidencia da pandemia fose menor que noutras zonas do territorio nacional.

OS ALUMNOS/AS RETORNARON ÁS CLASES

Un dos exemplos máis significativos do retorno á normalidade foi a reapertura dos centros educativos, tanto o CEIP Laverde Ruiz como a Escola Infantil Municipal. En ambos casos existen protocolos das Consellerías de Educación e de Política Social da Xunta de Galicia para os profesores e alumnos sobre desinfección, distancias de seguridade, uso de máscaras, actividades durante o recreo, etc, de obrigado cumprimento para a comunidade educativa.



*Escola Infantil
Municipal*

Noa Piñeiro, directora do CEIP Laverde Ruiz:

**"Cumprir o protocolo de
seguridade é importante
para evitar os contaxios"**

Para o profesorado e os 310 alumnos/as do CEIP Laverde Ruiz éste non é un curso calquera. "Temos moitas medidas para seguir o protocolo educativo e sanitario -sinala a directora, Noa Piñeiro Adrio-, aínda que cada colexio, e o noso tamén, as adapta en función das necesidades e das características do centro". Lembra que "a entrada e saída do edificio escolar faise de forma organizada, colocáronse desinfectantes e xeles, e están delimitadas as zonas de tránsito". "Despois dunha fase inicial de adaptación, agora faise todo xa de forma máis rutinaria, e todos temos asumidas esas medidas preventivas", sinala a directora do colexio de Outeiro de Rei.



O protocolo de Educación establece unha distancia mínima de separación e varias medidas para reducir o risco de contaxios no interior do centro escolar.

A Xunta de Galicia e o Concello colaboran na mellora dos servizos públicos e na dotación de novas infraestruturas en varias parroquias

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avaliou co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, os avances en varios proxectos prioritarios para o Concello, entre os que destacan a construción dun Centro de Día, que contará con 60 prazas públicas; as melloras no CEIP Laverde Ruiz, e o desenvolvemento dunha zona deportiva en Santa Isabel, formada por un complexo de piscinas, un centro BTT e diversos espazos de lecer.



No tocante á construción do novo Centro de día, que contará con 60 prazas públicas, Feijóo confirmou 150.000 euros nos orzamentos deste 2021 para levar a cabo a primeira fase das obras. O titular da Xunta asegurou que o CEIP Laverde Ruiz xa ten consignados 20.000 euros para a pavimentación da pista cuberta que solicitaran o Concello e a comunidade educativa. E, en relación ao proxecto

para a construción dunha nova zona deportiva, Feijóo confirmou ao alcalde que a Xunta achegará o 70% do investimento, coa previsión de que este finalizado antes de 2023. Cómpre salientar que este proxecto levarase a cabo nunha parcela de titularidade municipal situada moi preto da área recreativa de Santa Isabel, ao carón do río Miño, na desembocadura co río Ladra.

Avanzan as concentracións parcelarias en catro parroquias

En materia de concentración parcelaria, Feijóo salientou que en xullo de 2020 xa foi asinado o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Outeiro de Rei para o financiamento da rede de camiños principais e secundarios das zonas de reestruturación que afecten ás catro parroquias que a solicitaron: Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar, onde xa se iniciaron os trámites das concentracións.

O presidente da Xunta visitou en varias ocasións Outeiro de Rei, tanto a nivel privado como institucional. A última ocasión foi ás instalacións da empresa Larsa en Robra (na imaxe).



A Xunta de Galicia investiu **600.000 euros** na mellora da rede de abastecemento

Outeiro de Rei conta cun mellor servizo de abastecemento de auga potable, unha vez completados os traballos financiados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta, por importe duns 600.000 euros.

Os traballos consistiron na perforación de novos pozos, nas canalizacións das tubaxes e, na fase final da obra, no asfaltado, reposición de firmes e limpeza das zonas afectadas.

O novo sistema garantizará que os veciños de Outeiro de Rei poidan ter auga en



Visita da conselleira Ethel Vázquez e traballos de instalación das novas conducións de auga.

cantidade para satisfacer as súas demandas, ao igual que as empresas que se asenten no parque empresarial da Matela ou a cabaña gandeira municipal.

A parte máis difícil da obra foi a construción dun ramal de 3 quilómetros que cruza o río Miño e a estrada N-VI, realizado polo sistema de perforación dirixida, cun mínimo impacto medioambiental.

Na actualidade, Outeiro de Rei conta cunha estación de tratamento de auga potable que foi ampliada en dúas ocasións para aumentar a súa capacidade; e con dous depósitos de cabeceira cunha capacidade global de 3.700 m³. ■

Urbanización da rúa da Terra Chá, en Outeiro de Rei

En convenio co IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro Enerxético), o Concello de Outeiro de Rei levou a cabo a urbanización da rúa da Terra Chá, que comunica a praza do Concello coa estrada N-VI, dotándoa de beirarrúas e dos servizos básicos. Este vial servirá de acceso e saída do núcleo urbano, tanto para peóns como vehículos, desde a futura rotonda que construírá o Ministerio de Fomento na estrada nacional.

A rúa Terra Chá dispón agora de 10 metros de ancho e a superficie urbanizada afectou a 845 metros cadrados. O investimento neste proxecto ascendeu a 131.503,07 euros. ■



Rúa da Terra Chá

Colaboración da Deputación Provincial e o Concello

Máis seguridade vial, coa execución dunha nova rúa e reformas en Redondo Candal

O investimento de 195.802 euros permitiu acometer os traballos de apertura e dotación de servizos nun novo tramo viario para facilitar a mobilidade no casco urbano de Outeiro de Rei, posibilitando o acceso directo de vehículos e peóns desde a rúa C ata a rúa do Concello sen invadir a estrada N-VI.

Outro proxecto executado ao abeiro do Plan de Mobilidade de Outeiro de Rei foi a construción dunha beirarrúa na rúa Redondo Candal para facilitar o tránsito peonil entre a zona urbana da capitalidade municipal e a urbanización e a zona recreativa de Santa Isabel. Tamén se renovou a capa de rodadura. O montante total destas obras foi de 48.242 euros. ■



Rúa nova

PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE

- CENTRO DE DÍA -

Outeiro de Rei

PROMOTOR: Excmo. Concello de Outeiro de Rei

SUPERFICIE CONSTRUIDA TOTAL: 576,80 m²

O Centro de Día ocupará unha parcela do casco urbano de Outeiro de Rei, na confluencia das rúas de Manuel María e do Pazo, na que se ubica a Casa Forte de Outeiro, edificación de planta cuadrada e tres alturas que data do século XV.

Esta parcela linda con outra na que se atopa a igrexa de San Xoán de Outeiro. Unha das premisas fundamentais e que condiciona totalmente o proxecto é manter a aparencia volumétrica das edificacións actuais no seu conxunto. Considérase necesario non rachar coa harmonía desta parte do pobo, co firme propósito de mellorar o existente sen alterar as características principais que identifican este conxunto de edificacións e o seu entorno como elementos tradicionais da arquitectura civil galega.

A nova parte da edificación no lado da rúa do Pazo será unha prolongación da casa existente, na que se manterán o ancho, a altura e a cuberta a dúas augas. O volume do edificio, que medra ao ritmo que marca o muro que separa a parcela da igrexa, resulta do traslado á parte posterior da parcela das liñas de altura e cuberta das edificacións auxiliares e do muro do galiñeiro.


O volume central (encaixado entre estas dúas novas edificacións) será un volume dunha única planta con cuberta plana de altura inferior aos outros dous. Dada a funcionalidade dos espazos interiores, nos ócos vanse empregar vidros, tanto transparentes como translúcidos, que deixen pasar a luz, pero impidan a visión directa para aqueles cuartos nos que se require unha privacidade especial, como é o caso das salas de curas, aseos, vestiarios, etc.

Investimento (1ª fase): 200.000 euros.



distribución zonal planta baja

acceso y distribución
administración y servicios asistenciales
servicios personales
servicios higiénicos
cocina



Outeiro de Rei, un dos concellos de referencia nas políticas de prevención da violencia contra as mulleres



A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, asistiu á reunión da mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero no concello de Outeiro de Rei, onde se levou a cabo o análise dos protocolos de actuación e se informou das actuacións levadas a cabo para facilitar os desprazamentos e aloxamentos das vítimas da violencia de xénero que o precisen. López Abella destacou o esforzo realizado polo Concello neste eido. ■

A campaña para evitar a violencia sexual dirixiuse a tódolos grupos de idade da poboación local



O concello de Outeiro de Rei acolleu o stand do Programa #AGRESIÓN OFF 2020: EU DIGO NON Á VIOLENCIA SEXUAL, no que se celebraron obradoiros e actividades lúdicas, co fin de sensibilizar e previr a violencia sexual. Tamén tivo relevancia, un ano máis, o 25-N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, cunha campaña de sensibilización en prensa e radio, ademais do reparto de bolsas reutilizables conmemorativas desta data. ■



A Xunta e a FEGAMP recoñecen a Outeiro de Rei como un Concello Emprendedor

Outeiro de Rei figura entre os "Concellos Emprendedores" de Galicia, un recoñecemento que concede a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para destacar o esforzo realizado a prol do emprego e a dinamización da economía local. Esta distinción conleva, entre outros beneficios, a captación de novos investimentos a través da simplificación administrativa, da facilidade de acceso ao solo industrial e das bonificacións fiscais. ■

O Partido Popular, a forza máis votada nas Eleccións Autonómicas

Nas últimas Eleccións Autonómicas, o Partido Popular, con 1.875 votos (63,15%), superou en Outeiro de Rei ao BNG, que quedou en segundo lugar con 600 (20,21%). Nesta ocasión, o PSdeG foi a terceira opción preferida polos veciños e veciñas do noso concello, sumando 315 votos (10,61%). Outras forzas políticas que recibiron apoios foron VOX (68), Podemos-EU-Anova (47), PACMA (13), MG (9), Ciudadanos (7), EQUO (2), PCTG (2), Recortes Cero-ESCO-OV-M (1), C21 (1) e PUM+J (1). Contabilizáronse 3.001 votos (67,51% do censo), e 1.444 abstencións (32,49%), con 32 nulos e outros 28 en branco. O índice de participación foi superior á media da provincia de Lugo. ■



José Pardo Lombao, alcalde:

"Vivimos tempos difíciles, pero debemos estar unidos e confiados en que sairemos adiante, co esforzo propio e coa axuda do Concello e das outras Administracións"

P.- A pandemia que nos afecta desde hai máis dun ano vai ter, segundo coinciden os expertos e parece evidente, unha grave repercusión sobre a economía e o emprego, ademais dos problemas a nivel sanitario. No caso de Outeiro de Rei, existe preocupación no Concello, e no seu caso, como alcalde?

José.- O momento que estamos a vivir non é fácil, pola repercusión sobre a saúde da xente, pero tamén pola incidencia negativa sobre a economía e o emprego, e por iso estamos todos preocupados. Qué facer? Pois hai que adoptar as medidas adecuadas para voltar á situación anterior, tanto no eido sanitario como no da convivencia, para o que é preciso traballar todos na mesma dirección e de forma solidaria. A nosa zona tamén se viu afectada pola crise da covid-19, pero pouco a pouco vaise normalizando a situación, ao que contribúe tamén o proceso de vacinación realizado nas últimas semanas. No Concello de Outeiro de Rei seguimos a disposición dos veciños e veciñas para todo o que necesitan. Por outra parte, contamos coa colaboración da Xunta de Galicia e das outras Administracións, sobre todo a nivel de infraestruturas sanitarias e de material de prevención, para tratar de revertir esa situación e que todo volva á normalidade o antes posible.

P.- A nivel municipal, qué destacaría como máis relevante do acontecido nos últimos meses?

José.- A pesar das adversidades, o Goberno municipal seguiu xestionando obras e proxectos importantes, cun investimento significativo, entre as aportacións realizadas pola Xunta, a Deputación e o propio Concello de Outeiro de Rei. Completáronse as obras de mellora do abastecemento, melloráronse as estradas, rúas e camiños e fomentouse o emprego, tanto a nivel de contratacións como de formación. Nos Servizos Sociais, realizouse un esforzo importante para satisfacer as necesidades de persoas e familias en dificultades ou en risco de exclusión social, e tamén co programa de Axuda no Fogar. O apoio á infancia continuou neste tempo, no



que se avanzou na promoción turística, con varias rutas de sendeirismo, e se realizaron melloras no Polígono Industrial

P.- E qué agarda para Outeiro de Rei nos próximos meses?

José.- Recoñecemos as dificultades e que vivimos tempos duros, pero o Concello debe continuar con novos proxectos para satisfacer as demandas dos cidadáns. Queremos mellorar tódolos servizos municipais e completar outros proxectos importantes, como a reforma dos espazos públicos, o reforzo da seguridade vial para peóns e condutores, a mellora medioambiental, as axudas a crear ou manter o emprego dos emprendedores, a continuación da concentración parcelaria e, por suposto, que comecen os traballos do futuro Centro de Día. Tamén nos gustaría recuperar a comida da terceira idade, pero as circunstancias non o aconsellan. Aínda así, confío en que volva ser realidade no 2022, o mesmo que a feira de artesanía que coincide coas festas patronais da Santa Isabel. O traballo do Concello de Outeiro de Rei non pode relaxarse, e agora menos, polo que debemos continuar nesa liña de traballo para conseguir que todos os nosos veciños e veciñas poidan mellorar a súa calidade de vida.

Novas iniciativas municipais

O Concello traballa para optimizar os servizos que inciden nunha mellor calidade de vida

Ademais da mellora da rede viaria local, o Concello de Outeiro de Rei xestionou nos últimos meses importantes proxectos de obras, encamiñados a mellorar os servizos e as infraestruturas municipais que inciden na calidade de vida das persoas. Ao mesmo tempo, puxéronse en marcha novas iniciativas que serán realidade ao longo do ano 2021.

MELLORA DA ACCESIBILIDADE VIARIA NUN TRAMO DA RÚA SALETE

O Concello de Outeiro de Rei levou a cabo un proxecto de mellora da seguridade vial na rúa Salete de San Martiño de Guillar, a través dun convenio de colaboración co IDAE. Consistiu na pavimentación e na construción de dous tramos de beirarrúas nun dos accesos principais ás urbanizacións. A iniciativa benefíciase tamén dun programa europeo destinado á implantación de plans de mobilidade urbana. O custe total foi de 169.000 euros (o Concello aportou o 20% e o IDAE, o 80% restante).

O PLAN DE OBRAS DE MEDIO RURAL, EN OUTEIRO, ROBRA E SILVARREI

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Outeiro de Rei aportaron 90.788 euros para mellorar infraestruturas viarias no municipio. Benefíciense deste proxecto varias estradas de Silvarrei, Robra e Outeiro de Rei, coa renovación da súa capa de rodadura. Estas obras forman parte do Plan Marco da Xunta de Galicia.

NOVOS PROXECTOS EN CANDAI, CELA, FOLGUEIRA E SAN FIZ DE PAZ

A Consellería de Medio Rural da Xunta e o Concello destinaron outros 60.918 euros á mellora da rede viaria nas parroquias de Candai, Folgueira, San Fiz de Paz e Cella. Esta actuación forma parte dos plans de obras municipais para renovar estradas, pistas e camiños, que se van executando en tódalas parroquias segundo as necesidades e a dispoñibilidade económica.



Cemiterio de Castelo

DEPUTACIÓN E CONCELLO APORTAN MÁIS DE 550 MIL EUROS AO PLAN ÚNICO

O Plan Único da Deputación contempla o investimento de 542.000 euros en servizos e varios proxectos de obras en Outeiro de Rei. Desta cantidade, o Concello aporta 189.000 euros. Servirán para financiar parte do Servizo de Axuda no Fogar, programas de emprego, obras de saneamento en Bonxe e Guillar, a mellora do alumeado público en varias parroquias ou a ampliación do cemiterio de Castelo e da súa contorna, e o peche do recinto (na imaxe superior). Tamén se acondicionaron pistas e camiños en Guillar, Mosteiro, Gaios, Bonxe, Arcos, Silvarrei, Robra e Parada.



Obras na rúa Salete de Guillar



Obras do Plan MARCO en Silvarrei



Estrada de Outeiro de Rei a Robra



Nave de servizos municipais



Área de autocaravanas



Tractor desbrozadora



Praza do Concello



Antiga Cámara Agraria

AMPLIACIÓN DA NAVE DO CONCELLO NO PARQUE EMPRESARIAL

A Vicepresidencia da Xunta e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ademais do Concello de Outeiro de Rei, fixo posible a ampliación da nave municipal do Parque Empresarial, utilizada sobre todo como garaxe e almacén. Ambas Administracións, a local e a autonómica, destinaron a este proxecto 160.000 euros.

CONSTRUCCIÓN NA SANTA ISABEL DUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS

O Concello de Outeiro de Rei xestionou a construción dunha área de autocaravanas nunha parcela colindante coa urbanización Santa Isabel e a escasa distancia da zona recreativa da ribeira do Miño. Este espazo, que contribúe á promoción turística do noso municipio, dispón de 4 prazas de autocaravanas e está dotada de tódolos servizos: alumeadado público, conexión de enerxía eléctrica e auga, e descarga de augas grises e negras. O orzamento de execución das obras foi de 46.560,74 euros.

PLAN DE DESBROCES E LIMPEZA DA REDE VIARIA LOCAL

A conservación e limpeza da rede viaria local supón un esforzo continuado por parte do Concello de Outeiro de Rei. Periódicamente, realízase o desbroce de case 200 quilómetros de estradas, pistas e camiños de uso agrícola ou forestal, empregando a maquinaria do parque móbil municipal.

APARCADOIROS PARA BICICLETAS NO COLEXIO E NO CONCELLO

A carón da Casa do Concello de Outeiro de Rei paviementouse unha anterior zona verde para instalar un aparcadoiro de bicicletas. Tamén se habilitou outro xunto ao polideportivo e o centro escolar, coa pretensión de fomentar entre os cidadáns o uso da bicicleta como transporte sostible. Estas actuacións supuxeron un investimento de 6.312,34 euros.

ADQUISICIÓN DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA DE OUTEIRO DE REI

A ampliación de programas e servizos municipais implica a disposición de máis espazos para a súa celebración. Para resolver esta necesidade, o Concello de Outeiro de Rei adquiriu o edificio da antiga Cámara Agraria, que na actualidade alberga no primeiro andar a oficina local de Correos. Unha vez acondicionado, servirá para descentralizar servizos municipais, como o servizo de atención temperá e, tamén, maquinaria contratada.

Conexión peonil en Guillar entre as urbanizacións e a estrada Nacional VI

O Concello de Outeiro de Rei, en colaboración co IDAE (Insituto para a Diversificación e o Aforro Enerxético), executa en San Martiño de Guillar unha beirarrúa na estrada que comunica as urbanizacións de Triacqua, Os Alargos e O Saleté coa estrada N-VI. O obxectivo é mellorar a accesibilidade peonil entre a zona residencial e área de servizos existente ao pé da estrada e, de paso, acceder ao transporte público metropolitano que une Outeiro de Rei coa capital, mellorando a seguridade e fomentando unha mobilidade sostible.

As obras realízanse nun tramo aproximado de 1 quilómetro, cun ancho de 2,5 metros, que se complementa na zona urbana cun sobreancho para o estacionamento de vehículos.



O proxecto, que se atopa nun avanzado estado de execución, conta cun orzamento de 280.398,38 euros. Ademais das beirarrúas, contempla a recollida de pluviais e o alumado público.

Pavimentación da rúa D no núcleo urbano de Outeiro de Rei



A renovación do firme da rúa D no núcleo de Outeiro apostou por materiais da nosa terra. En lugar de asfalto, os paseantes pisan agora adoquíns, máis axeiados ao destino peonil da vía, respetando o ancho existente e os muros tradicionais que configuran esta rúa. O investimento foi de 28.911,72 euros.

Sendeiro escolar desde o polideportivo ata a estrada N-VI



O Concello destinou 36.338,62 euros á creación dun sendeiro peonil ao longo do Camiño A, facilitando o tránsito, sobre todo dos escolares e persoal docente, desde o CEIP Laverde Ruiz ata o polideportivo. O camiño realizouse recurtando o ancho da vía, que pasou a ser de dirección única.

Malestar no Concello polo retraso da rotonda que debe executar o Ministerio de Fomento

A rotonda na estrada N-VI segue sen concretarse, a pesar de que o Ministerio de Fomento anunciou a súa construción en 2018. Este retraso está a xerar malestar no Concello de Outeiro de Rei, por considerar que “se trata dunha obra necesaria e moi importante para a seguridade vial nunha zona moi concorrida”, en palabras do alcalde, José Pardo Lombao. Sinala que “tivemos que agardar bastante, pero xa vai sendo hora de que se faga esta obra tan necesaria e agardada por todos os veciños de Outeiro de Rei. Xa estaba presupostada no 2017 polo Goberno presidido por Mariano Rajoy, e foise demorando por parte de Fomento desde que entrou Pedro Sánchez. A mellora da estrada N-VI é prioritaria para mellorar a seguridade vial no noso municipio”.

Medio Ambiente converte a Outeiro de Rei nun exemplo para os concellos lucenses á hora de xestionar os biorresiduos



A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, salientou que o Concello de Outeiro de Rei é un exemplo e referente para os restantes municipios da provincia á hora de xestionar os biorresiduos. Así o trasladou durante a súa visita para coñecer o programa para a instalación de 175 unidades do quinto contedor, coa finalidade de facer desta fracción de lixo unha fonte de enerxía ou en compost de calidade.

A colocación e distribución do que xa se coñece como "contedor marrón" en Outeiro de Rei comezou entre os grandes produtores, como supermercados, restaurantes, residencia de maiores...; mentres que a instalación nas áreas urbanas comezou na urbanización Santa Isabel, onde os veciños partici-

pan nun proxecto piloto para avaliar a recollida dos biorresiduos.

Ángeles Vázquez salientou que, con esta decisión, Outeiro de Rei marca un fito ambiental ao ser dos primeiros concellos galegos en implantar este contedor, na liña dos obxectivos que marca Europa para conseguir unha xestión integral dos biorresiduos. Engadiu que hai

outras razóns que fan de Outeiro de Rei un exemplo, pois conta cun punto limpo, acolleuse á bonificación do canon de Sogama e disporá de novos e máis contedores amarelos (envases lixeiros) e azuis (papel e cartón) co fin de facilitar e animar aos veciños a poñer en práctica unha correcta separación dos residuos urbanos. ■



Ampliación do local social de San Lourenzo de Aguiar

A Xunta de Galicia financiou con casi 23.000 euros a ampliación do local social de San Lourenzo de Aguiar. O proxecto consistiu na incorporación do espazo ocupado polo palco de música, co fin de ampliar a súa capacidade e poder ser empregado para usos culturais. A actuación supuxo a renovación da cuberta, por unha nova de pizarra cunha capa de impermeabilización e outra de illamento térmico e canalóns, así como das paredes que pechan o espazo do local e o pintado das fachadas e superficies interiores, ademais dun novo pavimento e a renovación da instalación eléctrica. ■

Nave de autoreparación e intercambio de obxectos

O Concello habilitará no Punto Limpo, ubicado no Parque Empresarial, un espazo para o intercambio, restauración e autoreparación de obxectos, co obxectivo de alongar a vida útil dos mesmos. Nesta iniciativa colabora a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, co financiamento das obras a realizar, por importe de 30.000 euros. Nesta aportación económica, unha parte corresponde ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (programa operativo FEDER Galicia 2014-2020) da Unión Europea.



Percorrendo o noso concello

San Cibrao de Aspai

En Aspai atopáronse nos últimos anos os restos máis antigos da civilización humana no concello de Outeiro de Rei. Varios petroglifos (rochas con figuras xeométricas ou debuxos de orixe incerta) serven agora para potenciar o interese histórico desta zona, a través dunha ruta de sendeirismo arqueolóxico polas pegadas que deixaron os nosos antergos. Tamén existe en Aspai unha alta concentración de mámoas, antigos enterramentos, no Couto de Province, e restos de poboados nun castro no límite con Candai.

A poboación está composta, maioritariamente, por persoas xubiladas que adicaron boa parte da súa existencia aos traballos agrícolas ou gandeiros. Pero ese xeito de vida só queda na lembranza, xa que as vacas desapareceron da paisaxe desta parroquia e só un veciño conserva un pequeno rebaño de ovellas. As 77 persoas que residen aquí están repartidas en cinco pequenos núcleos residenciais: Aspai, O Carballal, A Laxe, Province e Santa Comba.

Aspai foi coñecida pola cantidade e calidade da súa pedra para a construción das casas. Como a dos Latas, unha familia señorial con varios membros adicados á medicina, que posuía desde finais do século XVIII extensas terras con prados, zonas de cultivo e imponentes carballeiras.



Fonte da igrexa



Centro Social



Petroglifo de Santa Comba



Carballo centenario



Casa dos Latas



Basilio Pernas Iglesias, pedáneo de Aspai:

"É fundamental atender as necesidades da xente"

P.- Cambiou moito a parroquia desde que está vostede de pedáneo?

Basilio.- Cheguei hai 19 anos. Daquela había moito feito, pero tamén cousas por mellorar. Entre todos, veciños e Concello, fomos colaborando para ter bos servizos.

P.- Que destacaría como logros importantes deste período?

Basilio.- Construíuse o centro social e se acondicionou o campo da festa, renováronse as estradas e pistas, mellorouse o alumeadado e meteuse a rede xeral e auga.

P.- Que lle gustaría que Aspai tivese no futuro?

Basilio.- Sería unha solución contrareloxo, pero unha concentración parcelaria podía asentar poboación, e a ruta de sendeirismo arqueolóxico paréceme boa idea.



Olería de Pepa Lombao



Centro social



Fonte do campo da festa



Granxa e fábrica de piensos

Bonxe foi parroquia de cachaiteiros, unha tradición que foi esmorecendo desde mediados do século pasado, pero que aínda pervive grazas ao esforzo de Pepa Lombao. Despois de moito tempo producindo obxectos cotiáns de barro (hai referencias á olería de Bonxe xa no século XIII), a chegada do plástico fofo relegando ata converterse nunha artesanía decorativa e de culto para moitos.

Pero tamén é coñecido Bonxe polo centro penitenciario, en terreos do antigo cuartel dos alemáns. A actividade agrícola e gandeira é hoxe residual. Só catro familias viven das explotacións leiteiras. A poboación activa traballa en empresas do parque empresarial de Outeiro de Rei, no polígono do CEAO e na capital da provincia, ademais de dúas industrias de referencia no sector agropecuario da zona, como a Granxa Ramil e a planta de piensos de Coren. As boas comunicacións e a proximidade á autovía e á N-VI favorecen o asentamento de poboación nesta parroquia, unha das que conta con máis terreo edificable.

Bonxe ten 250 habitantes, distribuídos en nove núcleos: Bouzas, Caxigal, Eirexe, Restriz, A Subida, Vigo, O Granxo, As Lombas e A Veiga, o máis poboado.

A parroquia, atravesada polo camiño de ferro de Palencia-A Coruña, está bañada polo regato dos Tollos e ten o punto máis alto no Cordal de Penelas (566 metros).

José Daniel Román Hortas, pedáneo de Bonxe: "O potencial urbanístico que temos é importante"

P.- Está satisfeito co nivel de servizos cos que conta hoxe a parroquia?

José Daniel.- Partindo de que todo é mellorable, temos as necesidades básicas ben cubertas. O local social funciona ben e as infraestruturas viarias, o alumeado público e a recollida de lixo son aceptables.


P.- Cómo imaxina a evolución de Bonxe nos próximos anos?

José Daniel.- Hai potencial urbanístico, con moita superficie edificable e boas comunicacións. Isto debería axudar á construción de vivendas e a asentar poboación.

P.- Queda algunha asignatura pendente no seu labor como pedáneo?

José Daniel.- Gustaríame que a ampliación da rede de sumidoiros ata Mosteiro se faga realidade e permita que moitos veciños poidan evacuar as súas augas residuais.





En plena chaira de Outeiro de Rei atopamos a parroquia de San Nicolás de Folgueira. Unha das menos poboadas, con 11 vivendas habitadas de forma habitual, e das que mellor conservan a identidade gandeira habitual no noso concello ata hai poucos anos. A súa poboación (43 veciños e veciñas, segundo o censo municipal) está repartida entre o Barrio de Arriba, o Barrio de Abaixo, Espiñeiro e O Pozo. Conta con cinco explotacións leiteiras, con máis de 200 cabezas de gando vacún, en total, e algunhas ovellas.

Esa vocación gandeira fixo que para paliar a escaseza da enerxía eléctrica, varios veciños adquirisen xa nos anos 60 do século pasado un transformador para poder ordeñar sen cortes de subministración, algo que, por desgracia, era habitual ata ese momento. Despois, encargáranse BEGASA e as outras compañías eléctricas que a sucederon no tempo, ata a actualidade.

Esta parroquia, que ten o seu punto máis elevado no Agro de Escaios (434 metros de altitude), dista pouco máis de 4 quilómetros da capitalidade municipal. Limita ao Norte con Taboi e Cela; polo Sur con Matela e Bonxe; polo Leste con Castelo e Vilela.



Centro social



Altar maior



Fonte



Sinalización



Carlos Mouriz Carballido, pedáneo de Folgueira: “Unha parroquia unida funciona bastante mellor”

P.- Pensa que Folgueira pode compararse a calquera outra parroquia?

Carlos.- Estamos ben de servizos: temos un eficiente alumeadado público, boas comunicacións por estrada e hai unha aceptable rede de abastecemento. Non somos moitos veciños, pero estamos unidos e tamén facilita que se consigan cousas importantes.

P.- Refírese á reforma realizada na igrexa parroquial?

Carlos.- Ese é un exemplo, xa que os veciños implicáronse moito, e tamén contamos co respaldo do Bispado de Lugo e do Concello.

P.- Bota algo de menos para mellorar o nivel de vida neste lugar?

Carlos.- Está xa aprobado o decreto da concentración parcelaria e penso que será bo que se leve a cabo.



Centro social



Fonte da igrexa



Campo da fonte



Explotación de gando vacún

A parroquia máis occidental do concello de Outeiro de Rei é Santo Tomé de Gaioso, aínda que popularmente é coñecida tan só polo santo que lle dá o nome. Limita con Friol polo Oeste; con Begonte polo Norte; con Candai polo Sur, e con Franco polo Leste. Dista 9 quilómetros da capitalidade municipal.

Santo Tomé conta con 19 veciños distribuídos entre os lugares de Algar, Cachopeiro e Santo Tomé. Bañada polo regato do Porto de Santo Tomé, os seus principais accidentes xeográficos son o Monte Lourido (636 m), o Cordal de Porriño (629 m) e o Cordal do Penedo (579 m).

Da pegada dos nosos antepasados atopamos, como restos histórico-arqueolóxicos, ao Sur da parroquia, o Monte de As Medorras, con varias mámoas, e o Couto, ao Noroeste, no que os investigadores teñen catalogado un asentamento castrexo. En ambos lugares existen lendas e historias vencelladas cos mouros.

Como tantas outras parroquias, Santo Tomé foi mudando nas últimas décadas dun carácter eminentemente agrícola e gandeiro ata o momento actual no que estas actividades apenas son exercidas por tres veciños. O abandono das terras de cultivo fai que cada vez teña máis peso o sector forestal, como complemento económico das familias, nas que predominan as persoas xubiladas.

Ignacio Arias Roca, pedáneo de Santo Tomé: “Nas últimas décadas os servizos avanzaron moito”

Pedáneo desde hai 35 anos, cando relevou a José González, Ignacio Arias viviu unha época na que esta parroquia sufriu un cambio notable en servizos e infraestruturas.

P.- En qué resulta máis evidente esa evolución que se percibe en Santo Tomé?

Ignacio.- Cando me nomearon pedáneo, estando Candal de alcalde, había moito por facer. Certo é que os sucesivos gobernos municipais e os propios veciños traballamos para saír adiante e hoxe temos boas estradas e camiños, bo alumbeado público, recollida de lixo, telefonía en boas condicións e disfrutamos tamén de todos os servizos do Concello.

P.- Ten algunha proposta que poida ser útil para a veciñanza desta parroquia?

Ignacio.- Conformámonos con que poidamos manter ese bo nivel de servizos e con que se faga un cobertizo a carón da igrexa como lugar de reunión dos veciños e veciñas.



Outeiro de Rei participa nun novo obradoiro de emprego que serve de oportunidade laboral para 19 persoas

Varios programas de promoción do emprego da Xunta de Galicia e do Concello de Outeiro de Rei serven de preparación a moitos parados para acceder ao mercado laboral.

As políticas de fomento de emprego seguen a ser unha das principais liñas de traballo do Concello de Outeiro de Rei. Neste obxectivo enmárcase o Obradoiro Dual de Emprego "Santa Isabel IV", que comparte con Castro de Rei de Rei e Cospeito, e que facilita traballo e formación a 19 persoas desempregadas. O alumnado repártese en tres módulos: operacións de gravación e tratamento de datos e documentos, con 6 participantes; traballos de carpintaría e moble (6 participantes) e operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (7 participantes). Conta tamén con 6 postos de persoal de dirección, administración e docentes. En Outeiro de Rei, as persoas participantes traballan na organización e dixitalización de fondos do arquivo municipal, co fin de conservar e facilitar a xestión da documentación existente no mesmo. Neste Obradoiro "Santa Isabel IV" colabora a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia financiando o seu custe, que supera os 347 mil euros.

Deseñando o teu futuro



A sexta edición de "Deseñando o teu futuro", desenvolvida en setembro de 2020, serviu un ano máis para achegar a rapaces e rapazas de 16 a 18 anos ao mundo laboral, grazas á colaboración de varias empresas co Concello de Outeiro de Rei: Área de Servizo 507, Avifauna, Metálica Ben Alonso SL, D10 Centro Deportivo, Fulgencio Casas Lombao, Garatuxa, IDEA Almacén de Papelería SL, Marcelle Natureza e Panadería Ousá. Foi unha experiencia de cinco días, na que os 19 participantes coñeceron o funcionamento e organización destas empresas.



**OBRADOIROS
DE EMPREGO
DE GALICIA**



Na imaxe superior, entrega de diplomas aos alumnos/as do anterior Obradoiro de Emprego "Camiño da Chaira IV". Abaixo, alcaldes e delegado da Xunta, no acto de clausura do Programa Integrado de Emprego.



O Programa Integrado de Emprego axudou a cen persoas, a maioría menores de 30 anos

O Programa Integrado de Emprego do Concello de Outeiro de Rei 2019/20, do que forman parte un total de oito Concellos da provincia, atendeu a 100 persoas desempregadas e contou, tras ser ampliada a súa duración a marzo de 2021, cun financiamento da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de 299.383 euros e cun cofinanciamento de 41.173 euros dos propios concellos.

As accións levadas a cabo foron de información, orientación, asesoramento, formación, prácticas laborais e prospección de empresas.

A formación estivo orientada a mellorar o proceso de busca de emprego; durante a mesma, impartíuse o certificado de profesionalidade de "Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais", varios carnés profesionais, preparáronse as competencias clave de nivel 2, etc.

A Xunta de Galicia aportou os 350 mil euros do proxecto

Unha senda mellora a accesibilidade peonil e a seguridade vial no Polígono Industrial de Matela

A Xunta de Galicia financiou a construción dunha senda peonil e ciclista na estrada LU-115 que dá acceso ao polígono industrial de Matela, en Outeiro de Rei.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade destinou preto de 350.000 euros á senda, que discorre pola marxe esquerda da estrada autonómica que atravesa o parque empresarial. En concreto, esténdese ao longo de 245 metros, entre as glorietas existentes no acceso ao polígono -puntos quilométricos 1+430 a 1+720-.

Dispón dun ancho de 2,5 metros transitables, incluído o bordo, en parte sobre muros para evitar ocupacións excesivas en terreos colindantes. Nesta obra executáronse tamén os elementos de drenaxe necesarios para a correcta evacuación das augas.

A obra axuda a integrar as dúas zonas do parque divididas polas vías do ferrocarril grazas á construción dunha pasarela metálica de case 17 metros de lonxitude e 2,30 metros de ancho, dotada cunha mampara antivandálica de 2,50 metros de alto para reforzar a seguridade.



Pasarela sobre o camiño de ferro, durante a visita do delegado da Xunta. Na imaxe da esquerda, a conselleira Ethel Vázquez, supervisando o estado das obras.

A Xunta de Galicia impulsou outra mellora das comunicacións do Polígono Industrial de Outeiro de Rei, a través dunha achega de 112.300 euros da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

A intervención afectou a parte da estrada principal do parque, á vía que a conecta coa estrada LU-115 e á glorieta de enlace neste punto, que conecta coa N-VI.

As obras foron financiadas mediante a convocatoria de axudas para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais. Un dos principais obxectivos da iniciativa foi dar continuidade ao tránsito peonil, para o que se cons-

Novas beirarrúas e máis ancho de vías benefician a comunicación no Parque Empresarial



O delegado da Xunta, Javier Arias, supervisou o remate das obras, na compañía do alcalde e da arquitecta municipal. José Pardo agradeceu a colaboración da Xunta para levar a cabo este proxecto, importante para a seguridade vial da zona.

truíron beiravías e novas beirarrúas a partir da existente -de idénticas características-.

Igualmente, a actuación aumentou a sección da plataforma para garantir a circulación de vehículos articulados en condicións óptimas. A actividade das industrias localizadas no parque empresarial, sumada á da estación de servizo, tradúcese nun tráfico de máis de 100 vehículos pesados diarios.

Realizáronse outros traballos complementarios, como a mellora do pavimento e pintado de marcas viarias, instalación de sumidoiros que se conectaron á rede de pluviais, prolongación das obras de drenaxe ou canalización subterránea da rede eléctrica para a iluminación pública.


Máis investimentos da Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia enerxética e as instalacións do CEIP Laverde Ruiz

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade investiu máis de 300.000 euros nunha fase de modernización do CEIP Laverde Ruiz de Outeiro de Rei. Realizáronse a través de dous proxectos e tiveron como finalidade tanto mellorar a eficiencia enerxética do centro escolar, como a reforma das instalacións interiores.

Un dos proxectos, que contou cunha dotación económica de case 100.000 euros, serviu para dotar dunha nova caldeira de gas natural e ampliar a cociña e o comedor do centro de ensino.

O segundo, ao que a Xunta de Galicia destinou algo máis de 215.000 euros, centrouse en mellorar a eficiencia enerxética, coa impermeabilización e renovación das ventás exteriores do edificio.

Estas obras dan continuidade á mellora das instalacións do colexio executadas no curso 2018/19, na que se investiron máis de 850.000 euros e que consistiron basicamente en ampliar as instalacións e o número de aulas coa construción dun segundo andar. ■



Fachada do CEIP Laverde Ruiz (arriba), tralas obras de renovación das ventás, e cartel do proxecto técnico acometido pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.



Centro escolar, en crecemento

O CEIP Laverde Ruiz de Outeiro de Rei é o centro de ensino que máis medrou porcentualmente de toda Galicia na última década. O volume de matrícula no centro incrementouse en máis dun 50% nos últimos oito anos, pasando de 199 alumnos e alumnas no curso 2012/13 (81 en Educación Infantil e 118 en Primaria), aos 310 do curso actual (108 en Educación Infantil e 202 en Primaria).

De feito, duplicáronse as aulas tanto en Infantil como en Primaria en tódolos cursos.



Programas de conciliación

O Concello de Outeiro de Rei aportou no curso 2019/20 o 62,6 por cento do custo que supoñen as iniciativas de conciliación familiar e apoio á educación: Outeiro Madrugador, Outeiro Tardes e Outeiro Lúdico.

Este programa tamén medra de ano en ano: se no curso 2018/19 atendeu a 155 nenos e nenas, no 2019/20 xa foron 167. Tamén se incrementan os gastos de persoal propio e externo: o pasado ano ascendeu a 70.274,91 euros, sufragados polo Concello (43.968,96€), as cotas dos participantes (14.672€) e a Xunta (11.634,85€).

Está financiado pola Xunta e o Fondo Social Europeo

O Concello ofrece un Servizo de Atención Temprá que beneficia a 20 nenos e nenas menores de 6 anos

Este programa ofrece unha atención especial e personalizada a nenos/as de ata seis anos con dificultades no seu desenvolvemento. Trátase dunha axuda importante para os pais e nais á hora de facilitar a integración educativa e social dos seus fillos.

A agrupación de Concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei puxo en marcha o 1 de agosto de 2020 un Servizo de Atención Temprá.

Trátase dun servizo gratuíto, cofinanciado pola Consellería de Política Social e polo Fondo Social Europeo no marco operativo FSE Galicia 2014-2020.

Enténdese a atención temprá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna, e que ten por obxectivo dar resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

A día de hoxe beneficianse deste servizo 20 menores, atendidos por un equipo de tres profesionais: unha logopeda, unha terapeuta ocupacional e unha psicóloga que prestan servizo no primeiro andar da Casa da Cultura de Outeiro de Rei (Estrada N VI, s/n).



O alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, participou, xunto ao delegado territorial da Xunta en Lugo e varios alcaldes, na presentación das novas unidades de atención temprá. O rexedor local manifestou que "a Xunta e o Concello queren seguir complementando os servizos sociais municipais, para que todos os cidadáns, en todo o territorio, teñan acceso aos recursos que posibiliten o seu pleno desenvolvemento persoal e social. É obriga das administracións colaborar neste obxectivo e procurar o benestar da poboación, máxime cando falamos de servizos destinados á infancia".



Concursos de poesía e postais de Nadal

A Biblioteca Pública Municipal de Outeiro de Rei entregou os premios do "V Concurso de Postais NADAL 2020", no que participaron 89 rapaces e rapazas, e dos premios do "Certame de Poesía Infantil Nadal 2020", no que se presentaron 116 traballos. A entrega de premios realizárona o alcalde, José Pardo Lombao, e a directora do Colexio Público Laverde Ruiz, Noa Piñeiro. Todos os nenos e nenas participantes en ámbolos dous certames recibiron un libro de lectura que se repartiu nas aulas, agasallo do Concello de Outeiro de Rei, co obxectivo de fomentar a imaxinación e a lectura.

Nova edición de actividades de promoción da muller

Un ano máis, o Concello de Outeiro de Rei organiza o programa de actividades de promoción da muller. Agás as clases de ximnasia ao aire libre (do 15 de xuño ao 30 de setembro) e a celebración do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero (25-N), as demais actividades terán carácter *on line*, a través de Internet: trátase de cursos de formación en novas tecnoloxías, ciberseguridade, videochamadas, dixitalización de documentos, retoque de imaxes e aplicacións para móbiles, entre outros. Haberá tamén unha actividade para a elaboración produtos de limpeza ecolóxicos

Turismo en Outeiro de Rei

O Miradoiro de Paraños, en Gaioso, serve de observatorio da paisaxe e de identificación e sinalización de hábitats prioritarios de interese comunitario ao longo da ruta de sendeirismo Miradoiro da Terra Chá. Esta actuación, na que se investiron, 24.200 euros, contou co financiamento da Axencia de Turismo de Galicia, e da Deputación Provincial. O obxectivo foi a posta en valor do interese medioambiental e paisaxístico da ruta, para o que adecentou o percorrido e o Miradoiro de Paraños, antiga torre de vixilancia contra incendios, e no que se instalou un panel identificativo e interpretativo da paisaxe, e un telescopio. Ademais, sinalizáronse tres lugares ao longo da ruta, coa fauna e botánica características deste enclave.



Miradoiro da Terra Chá



A ruta "Camiño das Peregrinacións" é froito da colaboración da Xunta de Galicia, a través do Plan Xacobeo 2021, cos concellos de Begonte, Rábade e Outeiro de Rei. Cun orzamento de 42.000 euros creouse unha ruta que vai recollendo aos peregrinos que realizan a romaría dos Milagres, en Saavedra, por camiños cun tránsito seguro e que atravesan zona de especial fermosura dos tres concellos. Entra en Outeiro de Rei, desde Lugo, por Guillar, para continuar pola capela dos Remedios, Rábade e Saavedra (Santuario dos Milagres) ata Baamonde, onde enlaza co Camiño do Norte a Santiago de Compostela.

MELLORA DA RUTA DO MIÑO

Realizáronse melloras no pavimento, reparáronse muros de pedra e a pontella no Santa Marta, ademais da instalacións de paneis informativos que conteñen un vínculo a través dun código QR, que nos permite visualizar un vídeo con imaxes aéreas. Co eslogan "Elévate" podemos ver a paisaxe circundante, como a zona das ínsuas do Miño en Cela, o entorno do núcleo histórico de Outeiro de Rei, a área de Santa Isabel, o Piago e a ponte colgante de Parada, no acceso á ínsua de Seivane. Contou cun orzamento de 36.203,20 euros.

RUTA ARQUEOLÓXICA DO ACEVEDO

O Concello puxo en valor a Ruta Arqueolóxica do Acevedo, que atravesa unha zona de especial riqueza en restos arqueolóxicos, como medorras e petroglifos, como o da Pena Serrada, declarado Ben de Interese Cultural, e de interese paisaxístico. A ruta, de 10 quilómetros, discorre na súa maior parte por pistas e camiños de terra con boa accesibilidade. A execución do proxecto supuxo o investimento de 36.203,20 euros.



Sinalización dunha ruta BTT

RUTA 1
OUTEIRO DE REI - CASTRO DE REI



Castro de Rei e Outeiro de Rei están unidos tamén a través dunha ruta para bicicleta de montaña (BTT) de 80 quilómetros de lonxitude, sinalizada grazas á colaboración da Xunta de Galicia.

O proxecto incluíu a colocación de frechas indicativas de dirección para sinalar o trazado e de paneis informativos nos principais núcleos de poboación e nos distintos accesos á ruta. Desta forma, as dúas entidades locais dan a coñecer o seu patrimonio e os seus espazos naturais con esta actuación conxunta. Ademais, aproveitouse unha aplicación de móbil para incorporar o trazado e poder seguilo con GPS.



A directora xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias, visitou a nosa comarca para comprobar o resultado do proxecto de sinalización da ruta de bicicletas todoterreo (BTT) que une este concello co municipio de Castro de Rei. A Xunta destinou a esta actuación case 40.000 euros no marco das axudas do Fondo de Compensación Ambiental.

Actividades de lecer, cultura e deporte



Escola BTT, no Polígono de Matela

O Concello puxo en marcha unha nova edición do programa de actividades de lecer e cultura, deportivas e da Oficina de Información Xuvenil (OMIX).

No apartado de "lecer e cultura" figuran as clases de baile de salón (iniciación e perfeccionamento), talleres para nenos, restauración de mobles, manualidades, un campamento urbano de 2º a 6º de Primaria, cerámica de Bonxe, cestería de vimbio e outros materiais, e dúas xornadas para coñecer mellor a ruta de sendeirismo "Camíño do Miño".

A Oficina de Información Xuvenil coordina a Escola de Música

e organiza cursos de fotografía, pádel e un campamento multiaventura en Viveiro.

Nas actividades deportivas hai tamén unha ampla oferta, segundo os gustos e idades dos participantes: tiro con arco, ioga, tenis, piragüismo, pilates, escola de motociclismo, ximnasia na auga, adestramentos libres de motos e karts no circuito de Robra e a escola de BTT.

Máis información no tfno:
982 393 408; ou na web:
www.outeiroderei.org



O alcalde, José Pardo, e técnicos municipais e da Xunta, co secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, e o piloto de rallies, Sergio Vallejo.



O Circuito de Outeiro de Rei é xa unha referencia dos deportes de motor no norte de España, xa que acolle competicións do Campionato Galego e Asturiano de Motociclismo, cunha media de cen pilotos en cada proba. Desde a súa remodelación, alberga os adestramentos para pilotos de motos e karting, entreles os mundialistas Edgar Pons e Joe Roberts.

Desde o ano 2019, en colaboración coa escola KSB BS21, desenvolve actividades de formación para xoves pilotos e adultos, con importantes descontos para os empadroados en Outeiro de Rei, a cargo de especialistas contrastados, como é o caso de Borja Sánchez, que participou en varias probas do Campionato do Mundo.

Outro aspecto destacable son as clases de seguridade vial que se realizan neste circuito, ou a posibilidade de rodar no mesmo, solicitando cita previa.

